



Programa XIX Aniversario

6 de novembro, 2021 • 18:00
Igrexa de Santiago, A Coruña

Amor vittorioso	G. Gastoldi (1555-1609)
Belle qui tiens ma vie	Thoinot Arbeau (1519-1595)
Now is the month of maying	Thomas Morley (1557-1602)
Matona mia cara	Orlando di Lasso (1532-1594)
Lachrimae Antiquae	John Dowland (1563-1626)
Dadme albricias	Cancionero de Upsala (1556)
Ay, mi Dios	Pedro de Cristo (1545-1618)
Il est bel et bon	Pierre Passereau (1509-1547)
Hoy comamos y bebamos	Juan del Enzina (1468-1529)
Tourdion	Anónimo S. XVI
Un sarao de la chacona	Juan de Arañés (?-1649)

Pablo Carballido del Camino

Director do Coro Cantabile



As obras

As pezas que escoitaremos esta tarde son algunhas das obras máis coñecidas do Renacemento, unha selección que abarca pouco máis de cen anos e que inclúe o madrigal italiano e o inglés, a *chanson* francesa, outras obras vocais en forma de danza e, por suposto, o *villancico* español; o termo adquirirá séculos máis tarde en castelán o actual significado de canción de Nadal (en galego, panxoliña).

O programa ábrese con *Amor Vittorioso* de Gastoldi, un madrigal en forma de *balletti* onde o Xogo do Amor convértese metaforicamente nun campo de batalla e onde aparecen os alegres "Fa la la la la" dos madrigais bailados. O concerto continúa coa preciosa *chanson Belle quie tiens ma vie*, escrita en forma de pavana, unha danza lenta do século XVI que acostumaba abrir as tardes de danza e na que os bailaríns observábanse uns a outros para agruparse logo en parellas nunha especie de desfile social. Non é a única *chanson* en forma de danza do programa, xa que escoitaremos, ademais, o tamén coñecido *Tourdion* e a chacona final.

Matona mia cara é un excelente madrigal escrito por un dos compositores máis prolíficos e famosos da súa época, Orlando di Lasso. En contraposición ao ritmo tranquilo e homofónico deste madrigal, a *chanson* madrigalística *Il est bel et bon* é un complicado xogo de palabras cun ritmo moi vivo no que mesmo se imita o cacarexo das galiñas ("co- co- co- co") e outras aves. É este un xogo moi típico de moitas das *chansons* descritivas máis soadas do Renacemento francés.

Now is the month of maying representa tamén a translación do estilo do madrigal italiano, neste caso á Inglaterra isabelina (de novo os "fa la la la!"), que contrasta na súa desbordante alegría coa melancólica *Lachrimae Antiquae* de John Dowland, interpretada co conxunto de violas e coa frauta, realizando a melodía do icónico *Flow My tears*, a versión en forma de canción desta peza e unha das máis soadas na Inglaterra de comezos do XVII.

Ao longo desta selección hai tamén, por suposto, varias pezas españolas de diferentes épocas, como o famosísimo *villancico* *Hoy comamos y bebamos* de Juan del Enzina, escrito a finais do século XV, (é a peza máis antiga do programa). O seu texto está baseado no tópico do *Carpe Diem* (aproveita o día, vive o presente). Tras o primitivo *villancico* profano van aparecendo, xa no século XVI, os *villancicos* devocionais -que non sacros- en toda a península; exemplos destes son *Dadme Albricias* e *Ay, mi Dios*, dúas boas mostras entre os centos que se escribiron na época.

É tamén española a obra máis moderna do programa, *Un sarao de la chacona* de Juan Arañés, unha canción do século XVII escrita en ritmo de chacona. Crese que o ritmo da chacona é de orixe hispanoamericano, pero en realidade a chacona é unha forma de "ida e volta", é dicir un tipo de peza cun patrón harmónico e ritmo ternario de danza xa definidos que foi exportada desde España ao Novo Mundo no século XVI e que regresou transformada nun baile de tempo moi vivo e, frecuentemente, con textos de carácter erótico, mesmo, ás veces, procaces.

A súa melodía é unha serie de variacións dun tema (coplas) alternadas cun retrouso que se basea nun ostinato. É, desde logo, unha peza absolutamente festiva que poñerá o broche final a este aniversario. O *Sarao* contén un texto moi xocoso ao que debemos prestar atención xa que se mofa da mitoloxía tan de moda na elevada poesía e a arte da época renacentista ("un suegro de Don Beltrán y una cuñada de Orfeo començaron un guineo y acabolo unha macona e la fama lo pregona"). Do retrouso podemos extraer unha frase que se repite insistentemente: "A la vida, vidita bona, vida, vámonos a chacona", unha frase que ten un significado intemporal: goza da boa vida mentres poidas.

Pablo Ruibal

Músico e profesor no CSM de A Coruña



A música

O consort de violas é unha agrupación de violas da gamba moi activa nos séculos XVI e XVII. Pode dicirse que tralo cuarteto de corda é a formación camerística para a que máis música se escribiu na historia; o seu repertorio goza dunha calidade excepcional con autores moi prolíficos no xénero como William Byrd, John Dowland ou Henry Purcell entre outros. Asemade, hai que ter en conta que toda a música vocal e moita da instrumental trasladábase habitualmente a esta formación, acompañando ou substituíndo voces.

O repertorio de consort de violas non é tan descoñecido hoxe en día para algúns sectores especializados, mais é aínda case inexistente para o público xeral. O obxectivo da formación *In nomine consort* é, precisamente, gozar dese repertorio polifónico pero tamén dalo a coñecer no seu entorno. Os seus integrantes teñen unha dilatada traxectoria no eido da música antiga, mais tamén son experimentados músicos noutros repertorios como o camerístico, o sinfónico ou como solistas .



In nomine consort

María Fraile

Frautas de bico e
percusión

Pablo Ruibal

Viola da gamba soprano e
guitarra barroca

Nerea Casanova

Viola da gamba tenor

Juan A. Almarza

Viola da gamba baixo

Patricia Rodríguez

Viola da gamba baixo

Uxía Delgado

Vihuela e guitarra barroca



O director

Pablo Carballido del Camino, tenor, profesor de canto e director de coro, realiza os seus estudos no Conservatorio Superior de Música da Coruña, graduándose en 2001 na especialidade de Canto e baixo o ensino do mestre Antón de Santiago, coas máximas cualificacións e Premio Extraordinario. É tamén Graduado en Artes Aplicadas (escultura), Conservación e Restauración, actividade que compaxina co seu labor musical e docente.

Tras unha intensa actividade concertística na súa época de estudante, participa con diferentes formacións en obras como Dido e Eneas de H. Purcell, El Barberillo de Lavapiés, de Barbieri, La del manajo de rosas de P. Sorozábal, Stabat Mater de Boccherini, Messiah de G. F. Händel, Lle Roi David de Hönnegger, Petite Messe Solennelle de Rossini, Magnificat BWV243 de Bach e a Misa da Coroación KV317 de Mozart.

Participa como solista habitual nas principais tempadas de ópera de Galicia, baixo a batuta de famosísimos mestres e xunto a primerísimas figuras da lírica mundial nos festivais de Amigos da Ópera da Coruña, Amigos da Ópera de Vigo e no estrañado Festival Mozart.

Realiza a estrea absoluta en recital da ópera *Inés e Bianca* do compositor galego do século XIX Marcial do Adalid, para a Universidade da Coruña, así como a versión concerto como protagonista da ópera *O Mariscal* de E. Rodríguez-Losada no festival Galicia Classics xunto á OSG.

Foi mestre de técnica vocal do Coro Universitario da Coruña e do Coro de Cámara Madrigalia e imparte habitualmente cursos e seminarios de Canto e Técnica Vocal en conservatorios, facultades universitarias e coros.

Desenvolveu o seu labor pedagóxico de música e de canto en diversos centros e, desde 1999, na Escola Municipal de Música da Coruña como Profesor Titular de Canto e director do Coro da Escola, actividade que compaxina coa dirección do Coro Infantil e Xuvenil Cantabile desde a súa fundación en 2002, agrupación de gran prestixio na nosa cidade.



O coro

O Coro Infantil e Xuvenil Cantabile nace froito da asociación que leva o seu mesmo nome como un gran proxecto musical e social que integra a rapaces e rapazas arredor da música clásica. Desde o seu nacemento en 2002, Cantabile conseguiu converterse nun referente musical en toda Galicia grazas ao gran número de concertos e xiras que realiza tanto no panorama nacional como internacional: Viena, Salzburgo, Lisboa, Boloña, Roma, Porto... Ademais, os numerosos premios recibidos e a crítica avalan a súa traxectoria interpretativa e especialmente o seu son e técnica vocal, grazas ao seu director Pablo Carballido del Camino, tenor e mestre de canto de recoñecido prestixio.

Cantabile ten gravado xa cinco discos, entre os que destacan a banda sonora da película *De Profundis*, estreada xunto á Orquestra Sinfónica de Galicia, ou o disco dedicado á obra vocal sacra de Vivaldi, avalado polo musicólogo López Calo.

En outubro de 2013, Cantabile culminou un proxecto que o levou a traballar nunha retrospectiva sobre o repertorio clasicista a través dos grandes mestres do século XVIII, Mozart e Haydn, que foi estreada no Teatro Colón da Coruña en 2013 e que Cantabile gravou no disco *Mozart y Haydn en las voces de Cantabile* grazas á colaboración do programa *Outra+Outra* da Deputación da Coruña e a Fundación Paideia nos Estudios Mans.

No 2014, Cantabile acometeu a preparación do *Requiem* de Gabriel Fauré, estreando tamén este traballo no Teatro Colón da Coruña. No 2016, interpretou a *Misa da Coroación K317* de W.A.Mozart, non só na cidade herculina, senón tamén na abadía de Altenburg e na Peterskirche de Viena durante a xira *#Cantabileando2016* por Austria. Participou, ademais, no concerto polo 50 aniversario da Fundación Barrié na Catedral de Santiago de Compostela en novembro dese ano, xunto a Carlos Núñez, nunha homenaxe sonora aos instrumentos do Pórtico da Gloria.

En 2017, o Coro Cantabile, foi convidado a participar na entrega das *Medallas Castelao* para interpretar o *Himno Galego*. O mesmo aconteceu na homenaxe á Rosalía de Castro no Panteón de Galegos Ilustres en San Domingos de Bonaval. Nese ano, embarcouse na preparación da primeira parte do *Mesías* de Haendel, unha obra clave do barroco, con motivo do seu XV aniversario. Como proba do recoñecemento que alcanza, no ano 2018, Cantabile foi convidado aos actos de clausura da presentación da Memoria de responsabilidade social da cátedra UDC-Inditex e tamén a participar na mostra *Sonoro Empeño* de Afundación.



Un exemplo máis da proxección social de Cantabile son os seus concertos solidarios. Así, o 23 de marzo de 2018, encheu o Teatro Colón na interpretación do *Te Deum* de Charpentier polo seu XVII Aniversario a favor da ONG *New Light*, que traballa en Calcuta a favor dos dereitos das nenas e das mulleres. Tamén participou nos concertos da *Festa do Orgullo LGTBOI* organizados pola Concellaría de Igualdade, Benestar Social e Participación do Concello da Coruña durante os anos 2020 e 2021.

O último proxecto de envergadura de Cantabile é *Palabras de Luz*. Cantabile decidiu apostar fortemente por un ambicioso proxecto de renovación do repertorio coral culto da música galega e en galego. Así, convidou a doce poetas e seis compositores e compositoras a crearen doce pezas inéditas, que despois foron plasmadas nun libro-CD que a Asociación Musical e Cultural Cantabile distribuiu entre todas as corais, conservatorios e escolas de música de titularidade pública galegas. Os textos foron escritos por Anxo Angueira, Antía Otero, Baldo Ramos, Carlos Negro, Celso Fernández Sanmartín, Dores Tembrás, Estíbaliz Espinosa, Eva Veiga, Lucía Cernadas, Manuel Rivas, María Lado e Pilar Pallarés. Por súa vez, a música foi composta por Federico Mosquera, Fernando Buide, Juan Durán, Jesús Rodil, María Mendoza e Octavio Vázquez. Este proxecto, unido a toda a traxectoria do Coro Cantabile, acadou no ano 2020 o premio *Martín Códax* na categoría de Coros e grupos vocais.



Sopranos

Mariana Boedo Buño, Lía Camprubí González-Garcés, Amara Carril López, Alejandro Carrión Orosa, Inés Carrión Orosa, Tara Garaboa Vilariño, Mariña González Lorenzo, Carlota Iglesias Rama, Jaime Losada Elorza, Irene Pardiñas Bárbara, Sofía Puig Vales, Catarina Rodríguez Vázquez, Noelia Saavedra Carnero, Romeu Tembrás Sánchez, Mara Valiño López, Xiana Vázquez Mosquera.

Altos

Salma Arifi Abad, Raquel Cernadas Varela, Cristina del Mar García López, Laura García Pereiro, Candela Garea Veiga, Sofía Iglesias Bárbara, Marta López Ojea, Beltrán Louzao Fernández, Carlos Puig Vales, Ana Rodríguez Rubio.

Tenores

Pablo Castiñeira Díaz, Ramón Fernández Antezana, Tomás Fernández Antezana, Manuel González Veiga, Xulio Loureiro González, Ángel Loureiro Louro, Héctor Noya López, Nicolás Rodríguez Vázquez, Xoel Saavedra Carnero, Martín Yáñez Vaamonde.

Baixos

Pablo Ares Otero, Gabriel García Castro, Samuel Iglesias Ceniceros, Antón Loureiro Louro, Isaac Martínez Bendayán, Miguel Nó Gómez, Alejandro Pérez Pecorelli, Gabriel Ríos Maneiro, Carlos Rodiles Freire, Gabriel de la Torre Taboada.